

COLEXI° DE CERVO

PDI BIBLIOCERVO.2 :
"MENS SANA IN CORPORE SANO"



PUCA

quere saber
sobre o...

SAMAÍN



Bibliotecas
escolares
de Galicia




Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

VOZ & NATURA

O 31 de outubro celébrase a festividade do **SAMAÍN**

Estades preparados para investigar sobre esta festa tan arrepiante? Comezamos!



1. Cal é a orixe da festa do Samaín? Rodea de verde a opción correcta:



ORIXE ROMANA

ORIXE CELTA

ORIXE VIQUINGA

2. Durante a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro non era recomendable abrir as portas das pallozas porque os trasnos e as fadas vagaban polos bosques e aldeas.

Cal destes seres máxicos traía mala sorte?

3. Antes de empregar cabazas, con que facían os farois?

4. Cada lugar ten unha tradición propia. Une de maneira correcta:

Rías Baixas

Cedeira

Xermade

BONECAS

CALIVERAS

CALACÚS

Segundo a lenda, que froito axudaba a liberar as ánimas? Coloréao





OS POBOS CELTAS

Os pobos Celtas dominaron a maior parte do oeste e centro de Europa. Investiga sobre eles e intenta dar resposta ás seguintes cuestións:

QUE SIGNIFICA A PALABRA SAMAÍN (**Samhain**)? Final do

OS CELTAS VIVÍAN EN POBOS AMURALLADOS, SABES O SEU NOME?

En Galicia viviu un Rei Celta moi recoñecido. A carón da Torre de Hércules (A Coruña) podemos atopar unha escultura adicada a el. Se ordenades as letras podedes adiviñar o seu nome:



E O R Á G N B

— — — — —

A ARTE CELTA DESTACA POLOS SÍMBOLOS (Trisquel, Triqueta, Cruz Celta, Espiral Celta...)
QUE EMPREGABAN PARA DECORAR XOIAS, ARMAS, UTENSILIOS... ESCOLLE O TEU FAVORITO, DEBÚXAO E ESCRIBE O SEU SIGNIFICADO.

SÍMBOLO CELTA	DEBUXO
NOME	
SIGNIFICADO	
.....	
.....	

SAMAÍN ... POLO MUNDO

En Galicia, a festa dos medos é o Samaín, pero esta celebración tamén a atopamos en países tan lonxanos coma China ou México. A continuación coñeceredes un pouco máis sobre estas festas! Xa veredes como algunha delas ten un nome moi parecido!

MÉXICO – O DÍA DOS MORTOS



En México visitan aos seus defuntos, decoran os cemiterio con unhas flores amarelas chamadas cempasúchitl e pasan a noite xuntos comendo "calaveritas" de azucre, pan de mortos, cabaza en tacha... e escoitando aos mariachis.

IRLANDA – SAMHAIN



En Irlanda reúnen a carón dunha lumieira para escorrentar a mala sorte. Realizan xogos como o Snapp Aple e comen Colcannon (pataca chea de col e cebola) e Pastel de BarnBrack (pan de froitas). Coma nós tamén tallan cabazas.

CHINA - CHING MING



Ching Ming significa "limpo e brillante" por iso neste día os cemiterios chinos están cheos de flores e moi coidados. Acenden incenso, barren as lápidas e limpan as malas herbas.

ESTADOS UNIDOS – HALLOWEEN




En EEUU celebran o Halloween con moitas actividades festivas decoran as casas, tallan cabazas e fan festas de disfraces. Un dos xogos máis coñecidos é o Trick or Treat (Truco ou trato).

SAMAÍN ... EN BIBLIOCERVO

Na biblioteca da escola podes atopar unha chea de contos e libros para ler no Samaín: Contos de bruxas, cabzas, seres arrepiantes... Ademáis do conto O NOSO SAMAÍN, Puca quere recomendarvos **A NOITE DE SAMAÍN**, un cómic dos Barbanzóns moi divertido.

Atópao na biblioteca escolar e completa a súa ficha técnica:



A NOITE DE SAMAÍN

AUTOR:

EDITORIAL:

Nº DE REXISTRO:

EDICIÓN:

ISBN:

Agora intenta atopar 5 títulos arrepiantes máis para ler no Samaín!

1.

2.

3.

4.

5.

E que vos parecería **RECOMENDAR** algunha lectura arrepiante? Estade moi atentos e lede moito! Xa vos contaremos máis desta proposta...

SAMAIN ... ESCORNABÓTICO

Continuando o voso traballo realizado durante a **CodeWeek** propoñémosvos varias ilustracións para elaborar uns taboleiros escornabóticos arrepiantes que vos inspiren a crear as vosas propias historias de medo... Animádevos!



SAMAÍN RECURSOS MUSICAIS

A CONTINUACIÓN ENGADIMOS RECURSOS
MUSICAIS PARA GOZAR DO SAMÁIN!



PACO NOGUEIRAS
BRINCA VAI - SAMAÍN

Música

<https://www.youtube.com/watch?v=2x3puRGW7f8>



UXÍA LAMBONA E A BANDA
MOLONA - O SAMAÍN

Música

<https://www.youtube.com/watch?v=hy-F-bWc7F4>



CEIP ALBEIROS - SAMAÍN
(MISFITS COVER)

Música

<https://www.youtube.com/watch?v=hy-F-bWc7F4>

SAMAÍN RECURSOS MUSICAIS

A CONTINUACIÓN ENGADIMOS RECURSOS
MUSICAIS PARA GOZAR DO SAMÁIN!



PACO NOGUEIRAS
BRINCA VAI - SAMAÍN
AZ LINGUA DE SIGNOS

<https://www.youtube.com/watch?v=DwpM3DCNyGg>



MAMÁ CABRA - SAMAÍN
Canción con Pictogramas

<https://www.youtube.com/watch?v=8e9HUdpOail>

E UN CONTO... CORRE CORRE CABACIÑA (OQO FILMES)



<https://www.youtube.com/watch?v=8e9HUdpOail>